



Guía Docente				
Datos Identificativos			2020/21	
Asignatura (*)	Dereito Procesual Penal	Código	612G01028	
Titulación	Grao en Dereito			
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalegoInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Dereito Público			
Coordinación	Ferreiro Baamonde, Xulio	Correo electrónico	xulio.ferreiro@udc.es	
Profesorado	Anguita Juega, Luis Camara Ruiz, Juan Ferreiro Baamonde, Xulio Soto Díaz, David José	Correo electrónico	luis.anguita.juega@udc.es juan.camara@udc.es xulio.ferreiro@udc.es david.sdiaz@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A docencia que se imparte nesta materia persegue, principalmente, a adquisición polo estudante dun grao axeitado de coñecementos sobre as principais institucións do proceso penal. Concretamente: a) Os principios constitucionais relativos ao Proceso penal; b) A tutela xudicial efectiva; c) A función do Dereito procesual penal como instrumento na aplicación do ius puniendi estatal e na protección dos dereitos do imputado e da vítima; d) O procedemento preliminar; e) O xuízo oral; f) O sistema de recursos; g) Os procesos especiais; h) A execución penal.			



Plan de continxencia	1. Modificacións nos contidos Os contidos non sufrirán modificacións en caso de ter que ser aplicado o plan de continxencia. 2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Manterase a estrutura da docencia, en canto á exposición de leccións maxistrais, aínda que estas, evidentemente, desenvolveranse de xeito telemático a través da ferramenta Teams. Tamén se realizarán sesións de carácter práctico para a exposición dos casos propostos, a través de Teams. *Metodoloxías docentes que se modifican A entrega dos casos prácticos realizarase, en caso de aplicarse o plan de continxencia, necesariamente a través de Moodle. As clases presenciais substituiranse por video-conferencias a través de moodle, modulando a duración e frecuencia das mesmas. 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado As titorías serán substituídas por discusións en moodle e consultas por correo electrónico. En caso de considerarse necesario poderán programarse reunións on-line individualizadas a través de Teams 4. Modificacións na avaliación A avaliación, en caso de aplicarse o plan de continxencia, modificarase no seguinte sentido: - O peso da proba final obxectiva pasará a ser do 70% e o dos casos prácticos do 30%. - A proba final, consistirá nun exame oral, que se realizará a través de Teams. 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non se consideran necesarias. En todo caso, poderán falicitarse aos estudantes material complementario a través da plataforma moodle, de cara a apoiar a aprendizaxe a distancia.
----------------------	---

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecemento das principais institucións xurídicas.
A2	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.
A4	Percepción do carácter interdisciplinar dos problemas xurídicos.
A5	Coñecemento dos principios e valores constitucionais.
A7	Coñecemento das estruturas xurídico-políticas de ámbito nacional e internacional.
A8	Coñecementos básicos de argumentación xurídica.
A9	Capacidade para o manexo de fontes xurídicas (legais, xurisprudenciais e doutrinais).
A10	Capacidade de interpretar e analizar críticamente o ordenamento xurídico.
A11	Capacidade de comprender e de redactar documentos xurídicos.
A12	Manexo da oratoria xurídica. (Capacidade de expresarse apropiadamente en público).
A13	Dominio das novas tecnoloxías aplicadas ao dereito.
A14	Capacidade de elaboración de normas.
A15	Capacidade de negociación e mediación.
B2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética



B5	Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B7	Resolver problemas de forma efectiva, valorando a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B8	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo, entendendo, tamén, a importancia da cultura emprendedora.
B9	Traballar de forma autónoma con iniciativa tendo en conta a importancia da aprendizaxe ao longo de toda a vida.
B10	Traballar de forma colaborativa.
B11	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B12	Comunicarse de maneira efectiva nun entorno de traballo, amosando capacidade de expresión tanto oral como escrita en calquera das linguas oficiais da comunidade autónoma, así como nun idioma estranxeiro.
B13	Capacidade para utilizar a rede informática (internet) na obtención de información e na comunicación de datos e, en xeral, capacidade para empregar as ferramentas básicas das TIC necesarias para o exercicio da súa profesión.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais. Coñecemento dos principios e valores constitucionais. Coñecemento das estruturas xurídico-políticas de ámbito nacional e internacional.	A1	B2	C3
	A2	B3	C4
	A4	B5	C7
	A5		
	A7		
	A8		
Capacidade para o manexo de fontes xurídicas (legais, xurisprudenciais e doutrinais). Capacidade de interpretar e analizar criticamente o ordenamento xurídico. Capacidade de comprender e de redactar documentos xurídicos. Manexo da oratoria xurídica. (Capacidade de expresarse apropiadamente en público). Dominio das novas tecnoloxías aplicadas ao dereito. Capacidade para ler, comprender e redactar textos xurídicos en inglés. Capacidade de elaboración de normas.	A9		C2
	A10		
	A11		
	A12		
	A13		
	A14		
Resolver problemas de forma efectiva, valorando a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo, entendendo, tamén, a importancia da cultura emprendedora. Traballar de forma autónoma con iniciativa tendo en conta a importancia da aprendizaxe ao longo de toda a vida. Traballar de forma colaborativa. Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional. Comunicarse de maneira efectiva nun entorno de traballo, amosando capacidade de expresión tanto oral como escrita en calquera das linguas oficiais da comunidade autónoma, así como nun idioma estranxeiro. Capacidade para utilizar a rede informática (internet) na obtención de información e na comunicación de datos e, en xeral, capacidade para empregar as ferramentas básicas das TIC necesarias para o exercicio da súa profesión.	A15	B7	
		B8	
		B9	
		B10	
		B11	
		B12	
		B13	

Contidos	
Temas	Subtemas



O proceso penal	1ª.- Os sistemas procesuais penais e os principios do proceso penal 2ª.- A Xurisdicción e a competencia 3ª.- As partes no proceso penal 4ª.- O obxecto do proceso penal 5ª.- O procedemento preliminar (sumario e dilixencias previas). 6ª.- Os actos de investigación 7.- As medidas cautelares 8ª.- O xuízo oral e o sobresemento 9ª.- A acusación, a defensa, a conformidade do acusado e a tese de desvinculación 10ª.- A proba 11ª.- A sentenza e a cousa xulgada 12ª.- Os medios de impugnación 13ª.- Outros procedementos: o abreviado, o procedemento para o axuizamento rápido de determinados delitos, o procedemento para o xuízo sobre delitos leves e o procedemento diante do Tribunal do Xurado
-----------------	---

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Estudo de casos	A15 A14 A13 A12 A11 A10 A9 A8 A7 A5 A4 A2 A1 B7 B8 B9 B10 B12 B13 B2 B3 B5 C2 C3 C4 C7	15	45	60
Proba obxectiva	A1 A2 A4 A5 A7 A8 A9 A10 B7 B8 B2 C2	2	2	4
Sesión maxistral	A1 A2 A4 A5 A7 A8 B11 C4	40	40	80
Atención personalizada		6	0	6
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	Proporanse durante o curso aos estudantes diversos supostos de feito co obxectivo de reforzar a aprendizaxe e contribuír á avaliación. Estes supostos prácticos poderán consistir en dous tipos fundamentais: 1. Análise de textos xurídicos ou con contido xurídico. Proporase neste caso a lectura dalgún traballo doutrinal ou académico, ou mesmo literario ou cinematográfico (visionado), ao obxecto de identificar e comentar os diferentes problemas xurídicos que se podan atopar no mesmo e propiciar a discusión sobre principios ou institucións claves do dereito procesual penal. 2. Resolución de casos prácticos. A partir dalgún suposto de feito, solicitarse a análise dos aspectos xurídico-procesuais-penais do mesmo, e a resolución das cuestións planteadas, ben sexa directamente, ben sexa a través da redacción dun escrito procesual (querela, recurso, sentenza, etc.). A resolución destes traballos poderá propoñerse individualmente ou en equipo. Trala entrega dos mesmos polo alumnado ao profesro/a, procederase á discusión na aula.



Proba obxectiva	Para a avaliación da aprendizaxe efectuarase cando menos unha proba presencial de carácter obxectivo, que poderá conter cando menos dúas partes separadas, unha primeira de análise dos contidos teórico-prácticos da materia, a través dun exame tipo test, e unha segunda - opcional - de carácter práctica, a través da resolución dun caso práctico na aula durante o tempo de duración da proba.
Sesión maxistral	As principais cuestións teóricas e prácticas do curso serán introducidas a través da explicación do profesor/a na aula, onde se exporán as súas características principais, o seu encadre na arquitectura institucional do proceso penal e as implicacións prácticas máis relevantes.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral Estudo de casos Proba obxectiva	A atención personaliza ao estudante está recomendada, durante os horarios de tutoría e a través da plataforma on-line moodle, tanto para a resolución dos casos prácticos, como para a resolución de dúbidas de cara á preparación da proba obxectiva final.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	A1 A2 A4 A5 A7 A8 B11 C4	O profesorado poderá ter en conta a asistencia activa do alumnado na aula a efectos de mellorar a súa calificación.	0
Estudo de casos	A15 A14 A13 A12 A11 A10 A9 A8 A7 A5 A4 A2 A1 B7 B8 B9 B10 B12 B13 B2 B3 B5 C2 C3 C4 C7	Os diferentes casos prácticos propostos serán entregados por escrito e avaliados polo profesorado, supoñendo ata o 40% da calificación final do alumnado.	40
Proba obxectiva	A1 A2 A4 A5 A7 A8 A9 A10 B7 B8 B2 C2	O curso concluirá cunha proba obxectiva, que poderá constar de dúas partes, unha teórico-práctica e a resolución dun caso práctico. Esta proba poderá supor ata o 60% da calificación final.	60
Outros			

Observacións avaliación
Poderanse modular as porcentaxes e condicións de entrega para aqueles estudantes que, previa acreditación da súa dedicación parcial, non podan asistir a todas as clases prácticas e entregar nas datas convidadas as diferentes actividades.

Fontes de información	
Bibliografía básica	Bibliografía básica: - PÉREZ-CRUZ MARTÍN, A.J. ET AL.: Derecho Procesal Penal, Tirant lo Blanch. Valencia, 2020.
Bibliografía complementaria	Bibliografía complementaria:- ARMENTA DEU, T.: Lecciones de derecho procesal penal. Marcial Pons, Madrid, 2017.- ASENSIO MELLADO, J. Mª, Derecho Procesal Penal, Tirant lo Blanch, Valencia, 7ª Edición, 2015.- GIMENO SENDRA, V.: Manual de derecho procesal penal. Castillo de Luna, Madrid, 2018.- MORENO CATENA, V.: Derecho Procesal Penal. Tirant lo Blanch. Valencia, 2017.- NIEVA FENOLL, J.: Derecho Procesal II: Proceso penal. Tirant lo Blanch, Valencia, 2019. Recursos web:BIBLIOTECA UDC: http://www.udc.es/biblioteca/BOE : http://www.boe.es/DOGA : http://www.xunta.es/dog/BASE DE DATOS ARANZADI: http://www.westlaw.es/westlaw/ (só pode consultarse a través da UDC)

Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Dereito Penal. Parte xeral/612G01010 Constitución e poder xudicial/612G01014 Dereito Penal. Parte especial/612G01025



Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías